

# AS NOITIÑAS DE NADAL

1

As noitiñas de Nadal,  
noites de grande alegría,  
camiñando vai Xosé  
e maila Virxe María.

2

Camiñaban pra Belén,  
a Belén levan a guía,  
e cando a Belén chegaron  
xa toda a xente durmía.

3

Menos un pobre porteiro  
que estaba na portería.  
-ábrelle as portas porteiro  
a Xosé e mais María.

4

Estas portas non se abren  
ata que non abra o día;  
as portas mais o porteiro  
teñen pouca cortesía.

5

Foron para unha cabana  
pois pousada non había  
e nun presebe de palla  
pariu a Virxe María.

6

Trouxo un neno tan fermoso  
coma o sol do medio día;  
tanta era a súa pobreza  
que nin un pano ela tiña.

7

Botou as mans á cabeza  
a unha cofía que ela tiña,  
partiuna en tres anacos  
e nun ó neno envolvía.

8

Baixou un anxo do ceo  
ricos panos el traía  
uns panos eran de Holanda  
e outros de Holanda fina.

9

Marchou o anxo pró ceo  
cantando “Ave María”.  
Preguntoulle o Rei do ceo  
como queda a parida.

10

A parida ben lle queda  
nun presebe recollida  
cuberta con panos de ouro  
bordados en prata fina.

11

Todo isto non é nada  
pró que a Virxe merecía,  
se ela subira pró ceo  
moitas máis cousas tería.

♩ = 74 | NADAL



As noi - ti - ñas de Na - da - le,



noi - tes de gran - de a - le - grí - a,



ca - mi - ñan - do vai Xo - sé —



e mai - la Vir - xe Ma - rí - a.